

# BIBLIOTECA ESCOLAR INCLUSIVA

XUNTA DE GALICIA




Páxina web de
Bibliotecas Escolares de Galicia
www.edu.xunta.es/biblioteca

Bibliotecas escolares de Galicia

XUNTA DE GALICIA

DL: C 302-2018

## QUE DIVERSIDADE?



### ANEAE

Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo

- Necesidades educativas especiais (discapacidades e/ou trastornos)
- Problemas e/ou dificultades específicas de aprendizaxe
- Altas capacidades intelectuais
- Incorporación tardía (procedente do estranxeiro, retornados…)
- Necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais, ou de historia escolar (saúde, minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable…)

## INCLUSIÓN COMO?




## UN CONTO



## O PALACIO DAS SETE XANELAS

No Palacio das Sete Xanelas viven os libros. Ninguén queda fóra. As súas portas son amplas e sempre están abertas. A súa maxia, malia estar ao alcance, continúa sendo poderosa.
Desde a primeira xanela escóitanse todos os contos en todas as linguas.
Desde a segunda, a ollada percorre camiños de letras.
Tras da terceira, nárranse historias en mans falangueiras.
Na cuarta, un acio de dedos lectores aloumiña as páxinas.
A quinta convida a investigar e aprender, cadaquén ao seu xeito, cadaquén ao seu ritmo.
A sexta ábrese a compartir os tesouros atopados no palacio.
A sétima xanela é a máis misteriosa. Está pechada cun forte cadeado. Ninguén sabe onde se agocha a chave que a abre. Disque só a atopa quen goza creando…

…unha historia, un debuxo, unha canción, un poema…

Charo Pita

## BIBLIOTECA INCLUSIVA

Repensar e redeseñar os
# ESPAZOS

- **Accesibles**
- **Practicables** (que faciliten a circulación)
- **Diversos:** lectura informal, traballo individual e traballo en grupo, recuncho audiovisual e informático para un uso autónomo..., pero tamén creativos, multisensoriais, manipulativos, libres de estímulos (“espazos de acougo”)...
- Con **mobiliario adecuado**
- Con **equipamento adaptado** (pantallas, teclados adaptados, pulsadores, lupas, tabletas, mesa táctil…)



## BIBLIOTECA INCLUSIVA




Contemplar na
# COLECCIÓN

- **Textos adaptados:** letra grande, lingua de signos, pictogramas, braille, subtitulación, audiodescrición, audiolibros, redactados con criterios de “lectura fácil”
- Recursos en diferentes **soportes e formatos**
- **Xogos e material manipulativo**
- **Material multisensorial**

## BIBLIOTECA INCLUSIVA

Ofrecer
# OPORTUNIDADES
para

- **Actividades significativas e adaptadas** para todo o alumnado do centro
- Uso de **ferramentas facilitadoras** do acceso á información
- **Acceso igualitario** a todo tipo de servizos (formación de persoas usuarias, préstamos, actividades de lectura, escritura, obradoiros, clubs de lectura, lecturas compartidas e outras)
- **Enfoque participativo** no deseño e realización das actividades



## BIBLIOTECA INCLUSIVA



Desde e para outra
# ACTITUDE
en relación coa diversidade

- **Normalizadora**
- **Visibilizadora**
- **Sensibilizadora**
- **Respectuosa e de trato igualitario**
- **De axuda, apoio e comunicación adaptada**
- **Coñecedora das diferentes necesidades**